



CONCELLOS

BECERREÁ

Anuncio

Téndose aprobado polo Pleno deste Concello a Relación de Postos de Trabajo (expediente nº 1286/2019) por acordo adoptado en sesión de 19 de decembro de 2019, de acordoco preceptuado polo artigo 127 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, e polo artigo 202.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, reproducése a continuación:

RELACION DE PUESTOS DE TRABAJO

AÑO 2020

A) FUNCIONARIOS DE CARRERA

DENOMINACIÓN	DOTAC	N.C.D.	C.E. MEN-SUAL	T.P.	F.P.	ADSCRIPCIÓN GRUPO-ESCALA-SUBESCALA	TITULACION ACADÉMICA	F. E S P	OBSERVACIONES
UNIDAD ADMINISTRATIVA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN -Secretario-Interventor	1	28	1.994,83	S	C	A1-H.E.-SECRETARIA INTERVENCION.	T.U. RD 834/2003		En propiedad
-Jefe Neg. Asuntos Generales, Archivo y Documentación	1	18	315,71	NS	OP	C2.-ADMINISTRACION GENERAL.-SUBESC. AUXILIAR	G.ESO		En propiedad
UNIDAD ADMINISTRATIVA DE CONTABILIDADE, TESOURERÍA, XESTIÓN TRIBUTARIA E RECADACIÓN -Jefe de sección de Contabilidad y Tesorería. Tesorera	1	22	1.040,02	NS	C	C1.-ADMINISTRACION GENERAL.-SUBESC. ADMINISTRATIVA	B		En propiedad
-Jefe Neg. Xestión tributaria y recaudatoria	1	18	315,71	NS	OP	C2.-ADMINISTRACION GENERAL.-SUBESC. AUXILIAR	G.ESO		En propiedad
UNIDAD ADMINISTRATIVA DE URBANISMO, CONTRATACIÓN, FOMENTO, EMPLEO Y DESARROLLO LOCAL									

-Jefe de sección de urbanismo, contratación, fomento, empleo y desarrollo local	1	26	875,07	NS	C	A1- ADMINISTRACIÓN GENERAL.- SUBESC. TÉCNICA	T.U.		En propiedad
-Arquitecto (a tiempo parcial)	1	26	271,11	NS	C	A1- ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.- SUBESC.TÉCNICA	T.U. (Arquitecto)		Vacante En proceso de funcionarización
VIGILANCIA DE BIENES, SERVICIOS E INSTALACIONES -Vigilante Municipal -Conserje	1 1	14 14	655,31 494,67	NS NS	OP C	E.- ADMINISTRACIÓN GENERAL SUBESC. SUBALTERNA	A.P. A.P.		En propiedad En propiedad
OBRAS Y SERVICIOS: -Peón de Servicios Múltiples	1	14	242,99	NS	C	E.- ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.- SUBESC. SERVICIOS ESPECIALES	A.P.		Vacante
CENTRO DE SERVICIOS SOCIALES -Auxiliar Administrativo	1	16	328,70	NS	C	C2.- ADMINISTRACION GENERAL.- SUBESC. AUXILIAR	G.ESO		En propiedad
SERVICIOS SOCIALES: Trabajador/a Social	1	22	225,61	NS	OP	A2.- ADMINISTRACIÓN ESPECIAL.- SUBESC. TECNICA	DIPLOMADA EN T.S.		Vacante En proceso de funcionarización

DOT.=DOTACION; N.C.D.= NIVEL COMPLEMENTO DESTINO; C.E=COMPLEMENTO ESPECIFICO; T.P.=TIPO DE PUESTO; F.P.=FORMA PROVISION; F.ESPEC.=FORMACION ESPECIFICA; NS=NO SINGULARIZADO; S=SINGULARIZADO; C=CONCURSO; OP=OPOSICION; CO= CONCURSO-OPOSICION; H.E.=HABILITACION CARACTER ESTATAL; T.U.= TITULADO UNIVERSITARIO T.S=TÉCNICO SUPERIOR, G.ESO=GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA; B.=BACHILLER ; A.P.=GRUPACIONES PROFESIONALES.

B) PERSONAL LABORAL

DENOMINACIÓN	DOTA C	N.C. D.	C.E. MENSU AL	T.P. .	F.P. .	ADSCRIPCIÓN GRUPO	TITULACIÓN ACADÉMICA	F.ESPEC	OBSERVACION ES.
CENTRO SOCIAL: -Director/a	1	22	75,90	N.S	OP.	A2	TECNICO SUPERIOR	DIPLOMADO/A EN MAGISTERIO,T S,ES	EN PROPIEDAD
-Camarera- Limpiadora	1	12	391,73		C.	E	A.P.		EN PROPIEDAD
OBRAS Y SERVICIOS: -Encargado- Conductor.	1	18	436,15	N.S	C	C2	G.ESO.	C. CONDUCIR C	VACANTE
-Oficial.	1	16	172,45	N.S	C.	C2	G.ESO.		VACANTE
-Encargado mantenimiento EDAR.	1	16	436,12	N.S	O.P	C2	G.ESO.		VACANTE
-Conductor.	1	16	436,12	N.S	O.P	C2	G.ESO.	C. CONDUCIR C	VACANTE
- Conductor/operari o de servicios múltiples	1	14	373,65	N.S	O.P	E	A.P.		VACANTE
EDIFICIOS MUNICIPALES									

-Limpiadora	1	12	195,08	N.S	O.P	E	A.P.		VACANTE
SERVICIOS SOCIALES:									
-Auxiliar de ayuda a domicilio	1	12	305,39	N.S	O.P	E	A.P.		EN PROPIEDAD
-Auxiliar de ayuda a domicilio	1	12	305,39	.	.	E	A.P.		EN PROPIEDAD
-Auxiliar de ayuda a domicilio	1	12	305,39	N.S	O.P	E	A.P.		VACANTE
-Auxiliar de ayuda a domicilio				.	.				
-Auxiliar de ayuda a domicilio				N.S	O.P				
-Auxiliar de ayuda a domicilio				.	.				

DOT.=DOTACION; N.C.D.= NIVEL COMPLEMENTO DESTINO; C.E=COMPLEMENTO ESPECIFICO; T.P.=TIPO DE PUESTO; F.P.=FORMA PROVISION; F.ESPEC.=FORMACION ESPECIFICA; NS=NO SINGULARIZADO; S=SINGULARIZADO; C= CONCURSO; OP=OPOSICION; CO= CONCURSO-OPOSICION; H.E.=HABILITACION CARACTER ESTATAL; T.S=TÉCNICO SUPERIOR, G.E.SO=GRADUADO EN EDUCACIÓN SECUNDARIA OBLIGATORIA; B.T=BACHILLER O TÉCNICO; A.P.=GRUPACIONES PROFESIONALES.

ANEXO A LA RELACIÓN DE PUESTOS DE TRABAJO

PERSONAL LABORAL TEMPORAL

	Nº PUESTOS	CARACTERISTICAS
Encargado mantenimiento EDAR	1	jornada completa
Conductor	1	jornada completa
Conductor/operario de servicios múltiples	1	jornada completa
Oficial	1	jornada completa
Limpiadora	1	jornada completa
Trabajador/a Social	1	jornada completa
Arquitecto/a	1	a tiempo parcial
Auxiliar de axuda no fogar	1	jornada completa
Grupo de Emergencias Supramunicipal	12	jornada completa
Conductores Vehículo de Incendios	2	jornada completa
Programa Fomento do Emprego da Deputación Provincial de Lugo	2	jornada completa
APROL RURAL	2	jornada completa
Camarrera/Limpadora (sustituta)	1	jornada completa

En esta relación de puestos de trabajo no se contemplan otras posibles contrataciones temporales que este Ayuntamiento pueda realizar al amparo de alguna subvención del Estado, Xunta de Galicia, Diputación u otro organismo público, o bien por necesidades perentorias del servicio de que se trate.

Becerreá, 16 de abril de 2020.- El Alcalde, Don Manuel Martínez Núñez.

R. 0757

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Faise público para xeral coñecemento, que esta Alcaldía con data do 15 de abril de 2020 resolveu:

“PRIMEIRO.- Avocar as competencias conferidas por esta Alcaldía á Xunta de Goberno Local, por Decreto de data 2 de xullo de 2019, modificado por Decreto da Alcaldía de data 4 de novembro de 2019.

SEGUNDO.-Esta avocación terá efectos durante o período de vixencia do Estado de alarma e as súas posible prórrogas, quedando automaticamente revocado ao finalizar o mesmo, sen máis trámite. “

Folgos do Courel, 15 de abril de 2020.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0762

Anuncio

Faise público para xeral coñecemento, que esta Alcaldía con data do 20 de abril de 2020 resolveu o seguinte:

“O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 17 de febreiro de 2020, aprobou inicialmente o presuposto municipal para 2020.

O anuncio de aprobación inicial publicouse no B.O.P. núm. 47 de 27 de febreiro de 2020, rematando o período de exposición o día 20 de marzo, procedéndose, no caso de non existir reclamacións, á aprobación definitiva do mesmo e á publicación íntegra dos seus estados de gastos e ingresos así como do cadro de persoal. Porén, con data 14 de marzo publicouse o RD 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que recolle na súa disposición adicional terceira a suspensión de termos e a interrupción dos prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público, reanudándose no momento no que perda a vixencia o presente real decreto, ou, no seu caso, as prórrogas do mesmo. Igualmente, a alínea segunda da citada disposición adicional terceira, sinala que a suspensión de termos e a interrupción de prazos aplicarase a todo o sector público definido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, afectando polo tanto ás entidades locais. Posteriormente, mediante Real decreto 465/2020, de 17 de marzo, modificouse esta disposición adicional na súa alínea 4 e engadíronse dúas novas alíneas, quedando redactado do xeito seguinte:

«4. Sin perjuicio de lo dispuesto en los apartados anteriores, desde la entrada en vigor del presente real decreto, las entidades del sector público podrán acordar motivadamente la continuación de aquellos procedimientos administrativos que vengan referidos a situaciones estrechamente vinculadas a los hechos justificativos del estado de alarma, o que sean indispensables para la protección del interés general o para el funcionamiento básico de los servicios.»

«5. La suspensión de los términos y la interrupción de los plazos a que se hace referencia en el apartado 1 no será de aplicación a los procedimientos administrativos en los ámbitos de la afiliación, la liquidación y la cotización de la Seguridad Social.»

«6. La suspensión de los términos y la interrupción de los plazos administrativos a que se hace referencia en el apartado 1 no será de aplicación a los plazos tributarios, sujetos a normativa especial, ni afectará, en particular, a los plazos para la presentación de declaraciones y autoliquidaciones tributarias.»

Tendo en conta que o artigo 6 do Real decreto 463/2020 establece que cada administración conservará as competencias que lle outorga a lexislación vixente na xestión ordinaria dos seus servizos para adoptar as medidas que estime necesarias no marco das ordes directas da autoridade competente ós efectos do estado de alarma e sen prexuízo do establecido nos artigos 4 e 5 do citado Real decreto.

Visto todo canto antecede, esta Alcaldía, órgano competente para elevación a definitiva da aprobación do orzamento municipal no caso de non terse formulado reclamacións contra o mesmo e facendo uso da competencia atribuída polo artigo 21.1.m) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local para adoptar persoalmente e baixo a súa responsabilidade, en caso de catástrofe ou de infortunios públicos, as medidas necesarias e adecuadas, dando conta ao Pleno da Corporación.

Ponderando, por unha banda, a merma dos dereitos dos interesados que, debido á situación de “confinamento” á que se ven sometidos, non puideran presentar nos prazos abertos pola Administración as súas reclamacións se non contasen coa sinatura dixital xa que o impedimento para saír e poder rexistrar presencialmente as súas reclamacións, conlevaría que quedasen fóra de ditos procesos; e pola outra, que o presuposto municipal actualmente en vigor, prorrogado para 2020, non daría cobertura suficiente para asumir os gastos nos que se incorrería para continuar garantindo a prestación de servizos públicos básicos, e tendo en conta que o presuposto municipal foi aprobado inicialmente sen ningún voto en contra (5 votos a favor e 4 abstencións), e valorando o interese xeral derivado da prestación dos servizos públicos, RESOLVO:

1.-Continuar coa exposición pública do orzamento municipal aprobado inicialmente para o exercicio de 2020, cuxo período se iniciou o día 28 de febreiro de 2020. Tendo en conta que o RD 463/2020, de 14 de marzo, foi publicado con esta mesma data no B.O.E. faltando 4 días hábiles para rematar o período de exposición ao público do presuposto municipal, este manterá a súa exposición ó público durante catro días hábiles máis, rematando o cuarto día hábil seguinte á da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Publíquese o contido desta resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e dese conta igualmente ó Pleno da Corporación na vindeira sesión ordinaria que se celebre.”

Folgo do Courel, 20 de abril de 2020.- A Alcaldesa, Dolores Castro Ochoa.

R. 0763

LOURENZÁ

Anuncio

EXPOSICIÓN O PÚBLICO E COBRANZA S.A.F. MARZO 2020

Por Resolución de Alcaldía de data o día 13 de abril de 2020, prestouse aprobación inicial ao Padrón fiscal do Servizo de Axuda no Fogar correspondente o mes de Marzo de 2020 a través da Lei de Dependencia e Programa Básico de Axuda no Fogar por importe de dous mil douscentos vinte e seis euros con quince céntimos de euro (2.226,15 €) , dos que mil setecentos tres euros con sesenta e cinco céntimos de euro (1.703,65 €) correspondente a dependencia , e cincocentos vinte e dous euros con cincuenta céntimos de euro (522,50€) son de libre concorrencia.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria 58/2003 de 17 de decembro, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de 15 días , contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública , non se formula ningunha reclamación.

Así mesmo , e de conformidade con artigo 253.1 da citada Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante a Sra. Alcaldesa-Presidente , no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

O prazo de cobro , en período voluntario será de dous meses dende a publicación do Edicto de aprobación, transcorrido o mesmo procederase a esixir os xuros de mora e os recargas de acordo cos artigos 26 a 28 da Lei Xeral Tributaria.

A presente publicación, nos dous supostos , de edicto de exposición ao público do Padrón e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei Xeral tributaria.

Lourenzá, 13 de abril de 2020.- A Alcaldesa, Rocío López García.

R. 0758

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

Por Resolución de Alcaldía de data do 01.04.2020, aprobouse o padrón fiscal correspondente ó mes de marzo de 2020 do Servizo de Axuda no Fogar a través da Lei de Dependencia polo importe de 263,48 €, e Programa Básico de Axuda no Fogar polo importe de 343,01 €.

Por medio do presente exponse ó público o devandito padrón polo prazo de quince días hábiles a contar dende o día seguinte á publicación do anuncio no BOP, para que poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

O que se fai público para xeral coñecemento do presente anuncio, que ten carácter de notificación colectiva, en cumprimento do disposto no Regulamento Xeral de Recadación e na Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Negueira de Muñiz, 3 de abril de 2020.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 0760

O VICEDO

Anuncio

EXPOSICIÓN Ó PÚBLICO

Por resolución da Alcaldía de 6 de abril de 2020, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de febreiro de 2020 do prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar.

Consonte ao disposto no artigo 102.3 da Lei xeral tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pagamento do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 223.1 da Lei xeral tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición perante o Sr. Alcalde – Presidente, no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao do remate do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdición.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, dous meses a contar dende o día da súa publicación no Boletín . Para o cobramento dos mesmos, ós contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas.

Para os demais contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectuar o pagamento en calquera oficina das entidades bancarias radicadas no termo municipal do Vicedo.

Transcorrido o prazo de pagamento en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento xeral de recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao abeiro do establecido no artigo 102 da referida Lei xeral tributaria.

O Vicedo, 6 de abril do 2020.- O Alcalde, José Jesús Novo Martínez.

R. 0761